

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: TRAMITACIÓN DE URXENCIA DO PROCEDEMENTO “ESCOLA DE VERÁN 2022”

EXPEDIENTE: 3982/2022

ANTECEDENTES:

O 27/04/2022, mediante o Decreto 1191/2022, resolveuse o inicio do prazo de inscrición do servizo de conciliación da vida laboral e familiar do concello de Ames “Escola de verán 2022”.

Dito prazo de inscrición estivo aberto desde o 02/05/2022 ata o 16/05/2022, presentándose dentro deste prazo 431 solicitudes.

Un dos requisitos para poder optar a este programa é que os membros da unidade familiar do/a usuario/a que solicita o programa estean empadroados no Concello de Ames e que non teñan débedas en executiva co Concello. A comprobación destes datos faise por outros departamentos do Concello, previa solicitude dos mesmos polo departamento de educación.

O elevado número de solicitantes do programa, xunto co feito de que este programa coincide practicamente no tempo co tamén programa de conciliación “xuño lúdico 2022”, provoca que os listados de usuarios participantes no programa se demore mais do debido ca conseguinte dilación da solicitude dos datos de padrón e das débedas aos departamentos correspondentes.

O artigo 15 do Regulamento da escola de verán do Concello de Ames (BOP núm. 86 de 08/05/2019) establece que se publicará unha lista provisional de admitidos e excluídos dando un prazo de subsanación de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, e unha vez resoltas estas, publicarase a lista definitiva.

Visto o atraso na publicación das listas provisionais motivado polos motivos xa expostos, e tendo en conta a proximidade do inicio do programa de Escola de Verán, manter o anterior prazo de subsanación provocaría que o procedemento non se resolvera a tempo co conseguinte prexuízo que isto suporía para as familias solicitantes do programa.

Por ilo, considérase necesario recorrer ao artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) que permite, cando razóns de interese público o aconsellen, aplicar ao procedemento a tramitación de urxencia, reducindo á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aplicar de oficio a tramitación de urxencia ao procedemento de admisión no programa de conciliación “Escola de Verán 2022”, reducindo á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, polo que o prazo de subsanación para a presentación de reclamacións á lista provisional de admitidos e excluídos quedará reducido a 5 días hábiles.

Segundo.- Informar que contra dita resolución non caberá ningún recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

O alcalde
José Blas García Piñeiro

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
0FD2C3776C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABAJO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA